

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL FRONTE AO RISCO DE INUNDACIÓNS (EXPEDIENTE 6104/2023)

Aprobación definitiva do Plan de actuación municipal fronte ao risco de inundacións (expediente 6104/2023).

Unha vez aprobado definitivamente, en virtude do Acordo plenario do 8 de febreiro de 2024, o Plan de actuación municipal fronte ao risco de inundacións do Concello de Xinzo de Limia, e de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícase o acordo para a súa entrada en vigor:

Aprobación definitiva do Plan de actuación municipal fronte ao risco de inundacións.

Expediente 6104/2023.

Primeiro. Aprobar definitivamente o Plan de actuación municipal fronte ao risco de inundacións do Concello de Xinzo de Limia.

Segundo. Publicar o anuncio deste acordo de aprobación definitiva no BOP e no DOG, no taboleiro de anuncios do concello e, xunto co documento aprobado e actualizado para consulta, na sede electrónica, e comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, á Policía municipal, a Protección Civil e demais interesados no expediente. Un exemplar do plan aprobado para consulta pública estará a disposición de calquera persoa interesada, ademais de na sede electrónica, nos servizos técnicos municipais.

Xinzo de Limia, na data da sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 702